



Andrés Pena gaña en razas británicas e Antonio Dopico en continentais no Campionato Provincial de Ourense de Cans de Parada

O pasado 21 de xullo disputábase no Tecor da Sociedade de Cazadores de Xinzo de Limia o campionato Provincial de Ourense de Cans de Parada.

Participaron un total de 25 cans na proba, dos cales 5 eran de razas continentais e 20 de británicas. En razas británicas era Andrés Pena co seu S.I.M “Jan” quen acadaba o primeiro posto, seguido de Eliseo Faraldo co seu P.M. “Ario”. En razas continentais vencía Antonio Dopico Gato co seu Drahthaar “Sion”.



Andrés Pena, gañador en razas británicas

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com